



## Concello de Vigo

### D<sup>a</sup>. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 30 de agosto de 2019**, adoptou o seguinte acordo:

#### **17.- PROXECTO DE CONVENIO COA “FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL E ECONOMÍA SOCIAL-FONDO SOCIAL EUROPEO 2014-2020. EXPTE. 16341/77.**

Visto o informe de fiscalización de data 13/08/19, dáse conta do informe-xurídico proposta de data 29/07/19, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento Local (atribución temporal de funcións mediante acordo da XGL do 03/05/19), o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Facenda e Orzamentos, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I. A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO (CIF G83117374) achega escrito remitido en data 19/02/2019 a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (CÓD. SOLICITUDE: W326650-7258), solicitando o inicio do convenio co Concello de Vigo para fomento do emprego, obrando no expediente a seguinte documentación complementaria:

- certificado de titularidade da conta bancaria.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria expedido en data 07/06/2019.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 10/06/2019.
- certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 10/06/2019.
- declaración responsable de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei de Subvencións de Galicia; e de que a entidade non se atopa en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado.
- declaración responsable respecto das axudas solicitadas ou recibidas para o programa.
- memoria do proxecto
- orzamento
- Escritura de poder notarial outorgado pola Fundación Secretariado Gitano a favor de dona Eva Vera Ledo, de data 09/05/2017 co nº de protocolo 797 da notaria dona Carmen Ana Vázquez Arias.
- certificación expedida en data 1/04/2008 pola xefa da área de fundacións da Subdirección xeral de Participación, Fundacións e Entidades tituladas, dependente do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, acreditativa da inscrición no Rexistro de Fundacións asistenciais por Orde do 28/12/2001, co nº 28-1223.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 07:39	Páxina 1 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A9A643-54E1D2-2EB6E3-5YZ8Y3-83UUF1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- tarxeta acreditativa do número de identificación fiscal.

II. A devandita asociación consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 804-02, no epígrafe 6.4.

III. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410 4890002 “Convenio Fundación Secretariado Gitano”, por importe de 16.000,00 €.

IV. En data 06/03/2019 o concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

V. A petición do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, expídese certificación de data 11/06/2019 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas ou sancións de natureza tributaria co Concello de Vigo.

VI. O xefe de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local asinou a memoria xustificativa en data 14/03/2019.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I. Obxecto:

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á “Fundación Secretariado Gitano” que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para fomento de emprego, co obxecto de contribuir ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas no programa de formación e cualificación profesional “Acceder” para a inclusión socio-laboral da poboación xitana.

### II. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) e c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2018, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a Fundación Secretariado Gitano non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura, sendo gastos subvencionables os de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/01/2019 ao 31/10/2019).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 07:39	Páxina 2 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A9A643-54E1D2-2EB6E3-5YZ8Y3-83UUF1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

### III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.

Pola outra parte, asinará o convenio dona Eva Vera Ledo con DNI 34267745-E, coma representante da entidade segundo resultou acreditado mediante poder notarial referido nos antecedentes.

### IV. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG.

Na memoria consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

O fomento do emprego ten a consideración de actividade prioritaria dentro desta Administración municipal, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en data 09/03/2012, en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, modificatoria da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, co obxecto de esclarecer términos de competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación recollidos na mesma, establece no seu artigo 3.3.b) que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

A Disposición adicional primeira da Lei 5/2014, do 27 de maio, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto no artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, que reflicte coma competencia municipal propia a participación na formación de activos e desempregados.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 07:39	Páxina 3 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A9A643-54E1D2-2EB6E3-5YZ8Y3-83UUF1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**IV. Contía total e crédito orzamentario:**

O importe do convenio de 16.000,00 € imputaranse con cargo á partida 2410 4890002 “Convenio Fundación Secretariado Gitano”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019, co obxecto de contribuir ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/01/2019 ao 31/10/2019).

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

**V. Normativa de aplicación:**

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumento unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do vixente Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

**VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 07:39	Páxina 4 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A9A643-54E1D2-2EB6E3-5YZ8Y3-83UUF1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Fundación Secretariado Xitano está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel asinadas electronicamente.

Explicitase no pacto noveno a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada no convenio, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria, **antes do 17 de outubro de 2019**, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

### VII. Publicidade:

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

### VIII. Órgano competente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 07:39	Páxina 5 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A9A643-54E1D2-2EB6E3-5YZ8Y3-83UUF1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

**IX. Recursos:**

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO:**

- Aprobar o texto do convenio que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a “Fundación Secretariado Xitano”, con CIF: G83117374 para fomento de emprego, co obxecto de contribuir ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas no programa de formación e cualificación profesional “Acceder” para a inclusión socio-laboral da poboación xitana.
- Autorizar o gasto de **16.000,00 €** dacordo co estipulado no presente convenio con cargo á partida 2410 4890002 “Convenio Fundación Secretariado Xitano”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019.
- Facultar ao Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio en caso de ser necesaria a substitución da Alcaldía-Presidencia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 07:39	Páxina 6 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A9A643-54E1D2-2EB6E3-5YZ8Y3-83UUF1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditir e notificar a resolución.

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO COA "FUNDACION SECRETARIADO GITANO" NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA OPERATIVO DE INCLUSIÓN SOCIAL E DA ECONOMIA SOCIAL\_ FONDO SOCIAL EUROPEO 2014-2020 (EXPTE. 16341/77)

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil dezanove

### REUNIDOS

Dunha parte, don Abel Ramón Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde Presidente do Ilmo Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, co CIF P-3605700-H, con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo

Doutra, Dona Eva Vera Ledo con DNI 34267745-E, en representación da Fundación Secretariado Gitano, CIF nº G83117374 e enderezo social en Ahijones s/n, 28018 Madrid, na representación da mesma, segundo poder notarial de data 09/05/2017 co nº de protocolo 797 da notaría dona Carmen Ana Vázquez Arias, que figura na documentación aportada dentro do expediente 16341/77.

E actuando Dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Actúan as partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.

### MANIFESTAN

A construción dunha Europa moderna, cohesionada e socialmente integrada pasa pola extensión da liberdade, a xustiza, a igualdade e a solidariedade entre todas as persoas, para o que é necesario eliminar os obstáculos de toda clase que impiden ou limitan aínda o exercicio dos dereitos cidadáns, a plena participación de todos e todas no curso ordinario da vida social e o acceso en igualdade de condicións a bens e servizos da comunidade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 07:39	Páxina 7 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A9A643-54E1D2-2EB6E3-5YZ8Y3-83UUF1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Que as directrices para o crecemento intelixente, sostible e integrador, apostan polo fomento dunha economía con alto nivel de emprego que teña cohesión social e territorial, como expresamente se recoñece na Comunicación da Comisión Europea COM 2010-2020 final: EUROPA 2020: Unha estratexia para o crecemento intelixente, sostible e integrador” do 3 de marzo de 2010, que aposta por un crecemento integrador dando protagonismo ás persoas mediante altos niveis de emprego, invertindo en cualificacións, loitando contra a pobreza e modernizando os mercados laborais e os sistemas de formación e de protección social para axudar ás persoas a anticipar e xestionar o cambio, e a construír a unha sociedade cohesionada.

A sociedade do coñecemento non garante, por si soa, senón que introduce o risco de que se produzan diferencias cada vez maiores entre quenenes teñen acceso aos novos coñecementos e os que, por partir dunha situación de obxectiva desvantaxe, quedan á marxe das novas oportunidades. Para evitar este risco certo e aproveitar ao máximo este novo potencial, débense facer esforzos para mellorar as cualificacións, promover un acceso amplo aos coñecementos e loitar contra o desemprego.

O emprego é a mellor e máis segura salvagarda contra a exclusión social. En efecto, o emprego e o seu presuposto, a formación, constitúen factores esenciais no proceso de integración e plena participación sociais dos grupos vulnerables ou en risco de exclusión, obxectivo preferente da acción das entidades asinantes deste Convenio, pois esta vía de socialización permite ás persoas facer o que os demais fan e tórnaas socialmente visibles e útiles, estendendo o sentimento de pertenza e de corresponsabilidade no desenvolvemento e progreso da comunidade.

Tanto o Concello de Vigo como a Fundación Secretariado Gitano conveñen na necesidade de establecer unha cooperación tendente a aunar os seus esforzos de cara a posibilitar unha maior inserción social e laboral da comunidade xitana, que conleve a posta en práctica das Directrices do Plan de Acción para o Emprego do Reino de España, así como as do propio Concello de Vigo. As partes coinciden en que a situación das persoas xitanas, con baixos niveis de instrución e altas taxas de desemprego, require a posta en marcha de medidas activas nos campos da formación profesional e o emprego para unha completa incorporación social. Neste sentido, considérase á comunidade xitana como un grupo específico, cun proceso de inserción laboral que require, segundo manifestan os expertos, e dadas as súas peculiaridades e diferencias culturais, un tratamento especializado e integral, que debe ser impulsado de forma positiva cunha política global, de xeito que se superen actuacións parciais ou fragmentadas, así coma o risco de dispersión dos recursos dispoñibles.

I.- Que a Fundación Secretariado Gitano é a encargada de xestionar as actuacións dirixidas á poboación xitana a través dos Programas Operativos de Inclusión Social e Economía Social, no que se enmarcan as actuacións obxecto do presente convenio; e que teñen como obxectivo esencial a inclusión social da poboación xitana dende o punto de vista da formación e o emprego.

II.- Que o Concello de Vigo, en atención a estas consideracións, desexa estreitar lazos, unir esforzos e actuar aunadamente para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarios da súa actividade e co obxectivo común de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, especialmente no mercado de traballo e o emprego, asinan o presente Convenio de subvención nominativa.

III.- Que nas devandidas actividades a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese social e laboral, como son:

- A cualificación profesional e o acceso de persoas xitanas a profesións e empregos por conta allea, atendendo ás súas demandas de acordo ás ofertas de contratación por parte das empresas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 07:39	Páxina 8 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A9A643-54E1D2-2EB6E3-5YZ8Y3-83UUF1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





## Concello de Vigo

- Achegamento e adaptación dos servizos xerais de formación profesional e emprego aos xitanos e xitanas desempregados, para que podan acceder a estes como resto dos cidadáns.
- A sensibilización sobre os prexuízos e prácticas discriminatorias das que as persoas xitanas son vítimas, así como a mellora progresiva da súa imaxe social.
- A xeneralización de políticas máis activas para a comunidade gitana con obxecto de mellorar efectivamente as súas condicións de vida e garantir a igualdade de oportunidades no seu acceso a bens e servizos públicos.

Así as cousas, o concello de Vigo no orzamento para o ano 2019 contempla a partida 2410 4890002, onde se prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 16.000,00 €, a favor da Fundación Secretariado Xitano.

Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

**IV.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, que ten por obxecto a realización das actividades que se describen no parágrafo I do apartado dos Pactos.

**V.-** Que a entidade Fundación Secretariado Xitano non está incursoa en prohibicións para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non tendo débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que se achegan no expediente.

**VI.-** O presente Convenio ten por obxecto fixar os termos de colaboración entre os firmantes para o desenvolvemento das accións que se dirixirán á Poboación Xitana no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social 2014-2020 e do Programa Operativo de Emprego Xuvenil 2014-2020, que o Ministerio de Emprego e Seguridade Social encargou como organismo beneficiario á FSG a través da Resolución 105 e 106 de 28 de Decembro de 2015, publicada no Boletín Oficial do Estado (BOE) de 5 de xaneiro de 2016, para a execución do proxecto de Itinerarios integrados de Inclusión Socio-Laboral para a poboación gitana, enmarcada na Prioridad de Inversión 9.2 *Integración socioeconómica de comunidades marginadas tales como a poboación romaní* e no Obxectivo Temático 8.2 sobre a *integración sostible no mercado de traballo dos xóvenes que corren o risco de sufrir exclusión social e os procedentes de comunidades marxinadas*.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e laboral que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Fundación Secretariado Xitano, o Concello de Vigo e a dita fundación conveñen a súa colaboración no ámbito socio-laboral e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

### PACTOS

**Primeiro.-** A Fundación Secretariado Xitano comprométese a colaborar coa Concellería de Emprego do Concello de Vigo en canto á mellora da capacidade de integración e incorporación da comunidade gitana no mercado de traballo e o emprego e o impulso de políticas sociais máis activas coa mesma; e concretamente, a desenvolver na cidade de Vigo as seguintes actuacións:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 07:39	Páxina 9 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A9A643-54E1D2-2EB6E3-5YZ8Y3-83UUF1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Accións de orientación socio-laboral cuxa finalidade será a acollida, orientación laboral, orientación socioeducativa, acompañamento e acceso da poboación xitana, a formación e o emprego. Este centro estará ubicado en Vigo e atenderá a poboación xitana e outra poboación en situación de vulnerabilidade social que habita no mesmo, así como nas súas áreas de influencia.
- Accións de difusión do servizo e os recursos para o achegamento da poboación xitana aos mesmos.
- Accións de diagnóstico e avaliación competencial, que permitirán a definición do perfil personal e profesional e o deseño do itinerario socio-laboral.
- Avaliación social: para a medición de barreiras e condicionantes persoais, familiares e sociais que impidan/faciliten o itinerario a desenvolver.
- Avaliación competencial Emplea +: valoración das competencias básicas, transversais e profesionais precisas para a incorporación ó mercado laboral.
- Establecemento do perfil/obxectivo profesional consensuado e deseño do itinerario personalizado de inserción laboral por conta propia.
- Avaliación das competencias emprendedoras para o desenvolvemento dun itinerario personalizado de inserción laboral.
- Avaliación socio-familiar: no caso de familias en situación de exclusión e pobreza severas, de maneira que se identifiquen os aspectos básicos suxeitos a intervención coordinada con outros servizos para iniciar o seu proceso de inclusión socio-laboral.
- Accións de activación e motivación cara o mercado laboral e o retorno educativo (segunda opción), así como de mantemento no sistema educativo, facendo especial fincapé na muller xitana.
- Accións de orientación laboral e acompañamento na búsqueda de emprego: estas accións contemplan unha serie de actuacións dirixidas á autonomía na búsqueda de emprego da persoa, mediante o coñecemento dos recursos, o mercado laboral, estratexias de comunicación, o uso de novas tecnoloxías, a organización familiar e persoal, dereitos e deberes laborais.
- Accións de orientación educativa que consisten na realización dun acompañamento ó alumnado e as súas familias para que ambos poidan mellorar as súas competencias e lograr o éxito escolar. Mediante entrevistas individualizadas cos pais e nais trabállanse aspectos que son clave para lograr o obxectivo, mentres que as tutorías co alumnado permiten traballar de xeito individualizado detectando as dificultades que poian ir xurdindo.
- Accións de mellora das competencias educativas, profesionais, básicas e transversais, tales como:
  - Accións de motivación e sensibilización cara a mellora da cualificación.
  - Accións de formación en competencias básicas e transversais.
  - Accións de formación profesional en colaboración con empresas.

ACTIVIDADE	DATAS		PARTICIPANTES (estimados)	
	DENDE	ATA	TIPO	Nº
<b>G</b> DESENVOLVEMENTO XERAL DO PROXECTO ACCEDER			PERSOAS XITANAS	200
<b>1</b> VENTA ONLINE	MARZO	XULLO	PERSOAS XITANAS	15
<b>2</b> COMPETENCIAS CLAVE	MARZO	MAIO	PERSOAS XITANAS	15
<b>3</b> OPERARIO DE ALMACEN	ABRIL	MAIO	PERSOAS XITANAS MENORES DE 30 AÑOS	10
<b>4</b> SER DIGITAL	XANEIRO	DEC	PERSOAS XITANAS	150
<b>6</b> LIMPEZA INDUSTRIAL	MARZO	MAYO	PERSOAS XITANAS	16



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 07:39	Páxina 10 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A9A643-54E1D2-2EB6E3-5YZ8Y3-83UUF1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

7	CADEAS DE APREDIZAXE	XANEIRO	DEC	PERSOAS XITANAS	50
---	----------------------	---------	-----	-----------------	----

- Accións de formación e de reforzo educativo para a obtención do graduado en ESO e a continuidade en estudos postobrigatorios.
- Accións de formación en diversidade e igualdade de trato.
- Accións de intermediación con empresas que permitan adecuar a intervención ás necesidades do mercado laboral, así como facer de ponte entre a empresa e a poboación xitana.
- Accións de mentoring en empresas, para motivar na continuación de estudos obrigatorios e postobrigatorios dende a realidade da empresa.
- Accións de apoio ao emprego protexido, que permitan a transición ao mercado laboral ordinario daquelas persoas que están en situación de vulnerabilidade extrema.
- Elaboración de estudos e informes sobre a poboación xitana nos ámbitos do emprego, a educación, a vivenda, a pobreza e a exclusión social, así como a súa difusión e transferencia de coñecemento en xornadas e eventos públicos.
- Accións de formación, información e sensibilización cara a poboación xitana, as administracións públicas e institucións, as empresas, os medios de comunicación, outros axentes clave e a sociedade en xeral.
- Accións de promoción da igualdade de trato, loita contra a discriminación e asistencia a vítimas. Desenvolvemento dunha serie de actuacións de asesoramento e apoio dirixidas a impulsar políticas sociais mais activas coa Comunidade Xitana. Estas actuacións irán dirixidas ás entidades públicas e privadas, que traballan directamente coa poboación xitana e con competencias na implantación ou desenvolvemento de políticas de inclusión sobre a mesma; especialmente administración pública autonómica, local e entidades sociais. O desenvolvemento destas accións realizaranse a dous niveis: parte delas dirixiránse con carácter xeral ao conxunto de Comunidades Autónomas que participan no Programa Operativo; parte delas realizaránse en exclusiva para a Comunidade Autónoma de referencia deste Convenio.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as entidades beneficiarias deste tipo de subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1.Unir esforzos e actuar coa Fundación Secretariado Gitano para mellorar as condicións de vida e a plena participación social dos compoñentes dos grupos cidadáns e comunidades destinatarios da súa actividade e co obxectivo de mellorar a capacidade de integración social da comunidade xitana, especialmente no mercado de traballo e o emprego.

2.Conceder directamente á Fundación Secretariado Gitano, unha subvención por importe de 16.000,00 euros (*DEZASEIS MIL EUROS*), con cargo á partida 2410 4890002, do vixente orzamento, co obxecto de cofinanciación das actividades que no parágrafo I do apartado de Pactos se describen no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social 2014-2020, para a execución das accións do Programa Acceder.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 07:39	Páxina 11 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A9A643-54E1D2-2EB6E3-5YZ8Y3-83UUF1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

**Quinto.-** Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A Fundación Secretariado Gitano non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán integramente en idioma galego.
  - O concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá dará a súa conformidade ás probas dos recursos publicitarios que se empreguen.
  - De todo o material editado, entregaranse 5 exemplares ao Concello.
  - As actividades, servizos ou produtos ofertados pola Asociación poderá conlevar unha achega económica por parte dos usuarios e usuarias, co obxecto de financiar o seu custo (billetes, entradas, rifas, etc...). Neste caso, a Asociación solicitará previamente, a conformidade da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, dos correspondentes prezos para cada un dos casos.
  - A difusión nos medios de comunicación das informacións sobre as actividades programadas, mediante roldas de prensa, entrevistas, traballos, difusión de noticias, etc, deberán estar previamente acordadas coa Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
- Todo material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 07:39	Páxina 12 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A9A643-54E1D2-2EB6E3-5YZ8Y3-83UUF1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

**Oitavo.-** En cumprimento das normas de transparencia esixidas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, o convenio deberá publicarse no Portal de transparencia do Concello de Vigo e deberá rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Noveno.-** A beneficiaria, **antes do 17 de outubro de 2019**, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación beneficiaria está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel asinadas electronicamente.

Xa que logo, deberá tramitar electronicamente a xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, achegando unha **conta xustificativa**: composta dunha **memoria de actividades** e dunha **memoria económica**, segundo se indica a continuación.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica**.

A beneficiaria achegará copias electrónicas da documentación complementaria e responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

En concreto, a beneficiaria deberá achegar os seguintes documentos para a xustificación dos fondos recibidos:

**1º) Declaración responsable asinada** electronicamente na que manifesten que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da presente subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.

**2º) Memoria de actividades** realizadas asinada electronicamente, de conformidade co proxecto achegado xunto coa solicitude de convenio, no que fundamentaron a concesión da subvención.

**3º) Memoria económica** dos gastos incorridos asinada electronicamente, cos xustificantes de pago dos gastos incorridos, á que se xuntarán as facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente, indicando na táboa o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 07:39	Páxina 13 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A9A643-54E1D2-2EB6E3-5YZ8Y3-83UUF1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

- En caso de exención do IVE achegarase unha declaración responsable asinada electronicamente pola entidade de non dedución do IVE ou, no seu defecto, o acordo de exención do IVE correspondente.
- As retribucións de persoal xustificaranse mediante:
  - Contrato de traballo
  - Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
  - Nóminas correspondente aos meses imputados.
  - Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
  - Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

–A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ..... euros.

**4º) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias** (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social. Se a entidade se opón expresamente á verificación telemática destes datos polo Concello de Vigo, deberá achegar de novo os certificados correspondentes.

**5º) Para o caso de que a entidade beneficiaria declare **ter recibido outras subvencións**** para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar copia electrónica da resolución de concesión das mesmas.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, éste requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a exixencia da reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencions, correspondan.

**Décimo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 07:39	Páxina 14 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A9A643-54E1D2-2EB6E3-5YZ8Y3-83UUF1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

**Décimo primeiro.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen **ata o 30 de setembro de 2019**.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local dependente da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

**Décimo sexto.-** A beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados son indispensables para a xestión deste procedemento e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución da concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lexislación de subvencións en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 07:39	Páxina 15 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A9A643-54E1D2-2EB6E3-5YZ8Y3-83UUF1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

**Décimo séptimo.-** A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola Fundación Secretariado Xitano, no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

**Décimo oitavo.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

A tal fin, dita Comisión de Seguimento está integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, sendo presidida por un representante do Concello de Vigo e actuando como secretario/a o outro representante do mesmo, e tendo que reunirse, cando menos, dúas veces ao ano. Os/as representantes do Concello de Vigo serán nomeados polo Alcalde, a proposta do Concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.

**Décimo novena.-** Co obxecto de garantir a adecuada coordinación e cumprimento dos compromisos e obxectivos antes expostos, crearase unha Comisión de Seguimento que desenvolverá as funcións que ao respecto sexan necesarias e, entre outras, as seguintes:

- a) A elaboración de propostas que conduzan á consecución dos obxectivos do Convenio.
- b) A determinación dos obxectivos do plan anual de traballo.
- c) A supervisión dos informes de seguimento e avaliación, así como seguimento do seu desenvolvemento.
- d) Cantas accións sexan precisas para impulsar os obxectivos previstos.
- e) Participar nas reunións que teñan lugar a nivel autonómico

A Comisión de Seguimento poderá decidir a creación de grupos de traballo para o desenvolvemento da súa actividade naquelas materias que así o requiran.

Á súa vez os membros desta Comisión de Seguimento participarán nas reunións que se organicen na Comunidade Autónoma, nas cales estarán presentes o resto de entidades que participan no proxecto no ámbito autonómico.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 07:39	Páxina 16 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A9A643-54E1D2-2EB6E3-5YZ8Y3-83UUF1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





## Concello de Vigo

**Vixésima.-** Prazo de vixencia do convenio. A vixencia do convenio será dende a data de sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo,  
\_\_\_\_\_ de 2019

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.

O ALCALDE,  
Abel Caballero Alvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/04/2024 07:39	Páxina 17 de 17
SUBVENCIONS	CSV: A9A643-54E1D2-2EB6E3-5YZ8Y3-83UUF1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		